# Referencia rápida wiki

Para facer cambios nun artigo, pulsa a pestana **Editar** na parte superior do mesmo, fai as túas edicións, e logo pulsa o botón de **Gardar** a páxina (abaixo). A túa edición xa é visible para todos os que visiten a páxina. Se tes máis información para engadir ou necesitas corrixir un erro, fai outra edición. Non te preocupes por cometer erros, aínda que por erro borres algo, iso ten remedio: todas as versións anteriores dun artigo gárdanse e poden visualizarse pulsando na pestana de **Historial**, e os colaboradores poden reverter a unha versión anterior simplemente pulsando na ligazón de desfacer. Na táboa de embaixo tes unha lista de atallos de etiquetas wiki de uso frecuente que vai axudarche cando edites artigos nun Wiki.

| Descrición | O que escribes | O que obtés |
|---|---|---|
| Itálica | ''texto en itálica''<br>ou seleccionar texto e premer<br> | *texto en itálica* |
| Negra | '''texto en negra'''<br>ou seleccionar texto e premer<br> | **texto en negra** |
| Cabeceiras de sección | == Texto de cabeceira 1 ==<br>=== Texto de cabeceira 2 ===<br>==== Texto de cabeceira 3 ====<br>Para o primeiro nivel tamén seleccionando e premendo<br> | **Texto de cabeceira 1**<br>**Texto de cabeceira 2**<br>**Texto de cabeceira 3** |
| Ligazón a outro artigo do wiki (ligazón interna) | [[Merlín e familia]]<br>ou seleccionar texto e premer<br> | Merlín e familia |
| Ligazón visualizando outro texto | [[Merlín e familia\|Álvaro Cunqueiro]]<br>ou seleccionar texto e premer<br> | Álvaro Cunqueiro |

**Podes atopar máis información na ligazón de Axuda na columna á esquerda do artigo que estás a editar.**

| | | |
|---|---|---|
| Ligazón para fóra deste wiki (ligazón externa) | [http://edu.xunta.es]<br>[http://edu.xunta.es Sitio web da Xunta]<br>ou seleccionar enderezo e premer<br> | [1]<br>Sitio web da Xunta |
| Lista con viñetas | * Lista con viñetas<br>** Lista con viñetas | • Lista con viñetas<br>○ Lista con viñetas |
| Lista numerada | #Lista numerada<br>##Lista numerada<br>#Lista numerada | 1. Lista numerada<br>1.1. Lista numerada<br>2. Lista numerada |
| Imaxe | [[Ficheiro:Exemplo.png\|thumb]]<br><br>ou escribir nome da imaxe, seleccionar e premer<br> |  |
| Imaxe con texto | [[Ficheiro:Exemplo.png\|thumb\|Texto de pé]] |  |
| A túa sinatura para as páxinas de discusión | --~~~~<br>ou premendo o botón<br> | -- Nome usuario (conversa) 19:50 6 dec 2010 (UTC) |
| Notas a pé de páxina | texto <ref>O que vai na nota</ref> | Texto.[1] |
| Mostrar notas | {{listaref}} | 1. O que vai na nota |

Este documento inspirouse grandemente en http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Welcome2WP_gl_Flap_PROD.pdf